

MEMORIA ESCOLAR

CURSO 2024-2025

EEI A MARISMA

Redondela 26 de xuño de 2025

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS Ó COMEZO DE CURSO.....	5
2.1- Melloras nas instalacións da escola	
2.2- Coordinación do profesorado.	
2.3- Relación da comunidade escolar e outras institucións	
2.4- Dinamización da escola.	
2.5- TICs	
2.6- Atención á Diversidade	
3. MEDIDAS.....	9
4. RECURSOS.....	10
5. ÓRGANOS COLEXIADOS:	
5.1 Claustro de profesores.....	10
5.2 Consello Escolar.....	11
6. NIVEIS EDUCATIVOS:	
6.1 Nivel de 3 anos (4º de EI).....	12
6.2 Nivel de 4 anos (5º de EI).....	14
6.3 Nivel de 5 anos (6º de EI).....	21
7. COORDINACIÓNS:	
7.1 Coordinación de Ciclo.....	26

7.2 Actividades Complementarias.....	28
7.3 Dinamización da Lingua Galega.....	34
7.4 Dinamización da Biblioteca	30
8. ESPECIALIDADES:	
8.1 Departamento de Orientación.....	35
8.2 Psicomotricidade.....	40
8.3 Sesións bilingües.....	44
8.4 Relixión Católica.....	48
9. ANPA.....	51
10. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	54

1. INTRODUCCIÓN

Agora que o curso 2024/2025 está rematado, temos que valorar en que medida os obxectivos pedagóxicos foron cumpridos e sacar as conclusións e aprendizaxes que nos orienten para o vindeiro curso. Concibimos a educación coma un servizo á sociedade e ao entorno onde se localiza a escola. Polo que, traballamos para fomentar no alumnado a asunción dos valores nunha sociedade democrática, como son: a solidariedade, o respecto aos demais, a actitude de diálogo, educación para a paz e o respecto ao medio ambiente entre outros. Todo isto contando coa axuda inestimable dos seus proxenitores que son a peza clave e a ponte entre o alumnado e a escola.

Quero dar as grazas a toda a comunidade educativa que, co seu esforzo, fixo que a escola seguise o seu curso, en xeral, sen maior problema.

2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS Ó COMEZO DE CURSO

O conseguido está resumido nos seguintes apartados:

2.1 Melloras nas instalacións da escola:

Por conta do **Concello**:

- Reposición da area do areeiro e arranxo do xardín quitando as herbas e botando area por enriba co fin de poñerlle céspede artificial .
- Tala das árbores do patio pola presenza das velutinas e reposición das mesmas por árbores autóctonas que non atraian as abellas.
- Limpeza dos canalóns do tellado, das lonas que recubren a berxa do patio e do chan do patio cuberto.
- Obras menores de mantemento, que foron resoltas satisfactoriamente polos empregados do Concello. Como foron: arranxos de persianas, estanterías, electricidade, fontanería ,.....etc.

Queda pendente:

- Poñer céspede artificial no xardín do patio para instalar un espazo musical con materiaris de refugallo.
- Cambiar os aparatos de xogo actuais que están deteriorados e as escaleiras do tobogán rotas, por un un novo grande con multixogos.
- Arranxar os desperfectos menores do patio.
- Cambio de luminarias para LED do primeiro andar e no patio cuberto naquelas que non foron repostas este ano.
- Colocar tarima flotante nas aulas.
- Estudio para instalar un comedor na escola.

Por conta da **Consellería**:

- Cambio da tubaxe dos baños da escola.
- Recibimos o seguinte material solicitado para as aulas:
 - 20 cadeiras apilables de infantil azuis, amarelas e vermellas.
 - 2 mesas abatibles
 - 1 material de xogo alternativo para psicomotricidade.
 - 8 mesas rectangulares de infantil
 - 1 armario baixo de infantil
 - 1 conxunto de xogos simbólicos
 - 1 teatro de títeres-guiñol
 - 1 equipo de motricidade inferior.
- Polo programa de Polos Creativos recibimos:
 - 1 unidade de Intelino Tren Intelixente
 - 8 unidades de Kid de Robótica y Programación en EI
 - 1 Micrófono + Gimbal + Soporte
 - 1 Tablet Lenovo Tab (2nd Gen)
 - 1 Photon Kit IA
 - 1 MatataStudio VinciBot
 - 1 MatataStudio Coding Set
- Recibimos asignacións adicionais derivadas do Fomento da Lingua Galega, Polos Creativos e Programa Plurininfantil.

2.2 Coordinación pedagóxica do profesorado:

As reunións semanais de nivel, bimensuais das coordinacións e dinamizacións, as reunións do Claustro e Consello Escolar, constituíron os foros de reflexión e posta en común das propostas de mellora do noso traballo docente.

Tendo como obxectivo primordial o aproveitamento de tódolos recursos tanto

humanos como materiais cos que contamos este curso, un ano máis, destacar a valiosa colaboración da orientadora que compartimos , de xeito provisional , co CEIP Infante Felipe de Borbón de Salvaterra de Miño .

Por ser un centro plurinfantil contamos cunha auxiliar de conversa compartida co CEIP de Cedeira.

Tamén destacar especialmente, o traballo en equipo desenvolto por cada un dos tres niveis.

2.3 Relación da comunidade escolar e outras institucións

A escola sempre coida de establecer relacións con diversas institucións e Fundacións tanto locais como provinciais, empresas, mesmo con particulares, co obxectivo de sacar proveito para o noso traballo cos nenos e nenas tratando de abrir a escola á realidade circundante.

Un deses intercambios fíxose co CEIP Fermín Bouza Brey de Pontearreas. O concello de Pontearres festexa a mesma celebración do Corpus coas mesmas tradicións que o noso concello de Redondela. Unha desas tradicións é facer alfombras de cores polas rúas. Entón, este ano os dous centros intercambiamos unha alfombra de flores feita polos cativ@s nun folio Dina A3.

Co Concello temos unha relación fluida no relativo ao compromiso coas instalacións do centro. A Concellería de Educación presta a súa axuda cando se precisa, aportando solucións e compartindo os problemas que xurden.

As avarías, en xeral, foron resoltas con maior ou menor prontitude.

A necesaria colaboración coa ANPA realízase con total fluidez e cordialidade. Estamos en contacto na realización e organización das festas e conmemoracións que se celebraron dentro e fora da escola.

2.4 Dinamización da escola

En xeral, foise cumprindo co calendario previsto de reunións dos equipos de coordinacións e de dinamizacións. As súas deliberacións e propostas, de xeito resumido, quedaron reflectidas nos libros de actas.

Nas reunións semanais de nivel fóronse programando toda a actividade semanal na aula así como aquelas actividades complementarias para cada un dos proxectos traballados o longo do curso.

Como é habitual, tamén, ó principio do curso, planificouse o uso dos espazos comúns da escola.

2.5 TICs

Coa instalación dos ordenadores e paneis dixitais nas aulas e os novos ordenadores no despacho de Dirección os pasados cursos o Centro mellorou notablemente en equipamento informático. Queda por resolver a problemática da wifi . O Claustro participou nun curso sobre radio escolar dentro do programa de Polos Creativos e está previsto poñela en funcionamento para o seguinte curso.

O centro contrata tódolos anos un técnico de mantemento informático que nos permite resolver dúbidas e arranxar os aparellos no tempo e forma desexados . Para o seguinte curso temos previsto cambiar de empresa pois consideramos que o informático que tivemos todos estes anos non nos resolve os problemas que xurden a nivel informático de forma satisfactoria.

Grazas ó traballo da coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega temos en activo e actualizada a páxina web do centro . Anteriormente se utilizaba o blogue do centro pero por motivos de protección de datos quedou anulada e tódalas novas e actividades que leva a cabo o centro son expostas na web oficial. Tamén contamos con Instagram, pero ahí só se expoñen actividades feitas no centro sen

identificar ao alumnado que nelas participa.

2.6 Atención a diversidade

No Departamento de Orientación , este ano compartimos de xeito provisional, a orientadora co CEIP Infante Felipe de Borbón de Salvaterra de Miño. Ven 2 días á semana, mércores e venres cun horario reducido de tres horas por descontarlle a itinerancia e a hora de Libre Disposición .

Este curso quedamos sen mestra de PT porque non lla concederon ao CEP Santa Mariña, que era o centro coa que a compartiamos.

Temos na escola unha mestra de AL que xunto coa orientadora desenvolven un traballo de prevención e estimulación temperá moi importante.

Salientar, tamén, o bo traballo desenvolvido polas mestras de apoio nas aulas

3. MEDIDAS

O equipo directivo encargouse de elaborar os horarios, distribución do profesorado nas súas tarefas educativas, supervisión das distintas programacións e o seu envío ó servizo de Inspección Educativa. Así mesmo, da coordinación e seguimento do traballo desenvolto polos equipos das Coordinacións e Dinamizacións.

Séguese a traballar por conseguir unha relación fluída cas nais e pais, coidando de trasladarlles a información de xeito claro e conciso, sempre cunha actitude aberta e de diálogo, como mellor maneira de enfrontar e superar positivamente os problemas que foron xurdindo durante o curso. Os distintos comunicados entre as titoras e as nais e pais dos alumn@s se levaban a cabo a través da aplicación Abalar móbil que tamén é o medio de difusión a nivel centro e do envío das calificacións do alumnado de cada trimestre.

Destacar o traballo da ANPA como ponte de enlace entre as/os mestras/es e as nais e os pais.

4. RECURSOS

Como cada curso, contamos basicamente coa dotación económica da Xunta para gastos de funcionamento. Ademais:

- O EDL contou cunha axuda de 457€ para actividades do Dinamización do Galego.
- Programa Plurinfantil tivo unha dotación de 500€
- Programa de certificación Competencia Lingüística con 175€
- Polos Creativos con 500€

Seguimos solicitando máis recursos humanos para poder dar unha resposta máis axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo que precisan moitos nenos e nenas desta escola. En concreto, pedimos unha mestra de apoio a tempo completo xa que os apoios están cubertos coas horas libres da Directora que tamén dá as sesións plurilingües, coa Secretaria que tamén imparte psicomotricidade e coa mestra de inglés. Ademais solicitamos unha PT que nos foi retirada este ano e que a Orientadora veña dun centro preto do noso.

Seguimos insistindo na necesidade dun mestra@ especialista en música e outr@ especialista en Educación Física, cos que xa contan os nenos e nenas de EI dos CEIP.

5. ÓRGANOS COLEXIADOS

5.1 Claustro de profesoras.

O claustro foi convocado en catro ocasións con carácter ordinario e nunha ocasión con carácter extraordinario no presente curso escolar.

Nas diferentes convocatorias foron tratados basicamente aqueles temas que de xeito cíclico se traballan ó longo do curso: organización do centro, asignacións das diferentes tarefas: titorías, coordinacións, dinamizacións..., aprobación das contas e propostas de gasto, avaliación e aprobación da memoria, etc. O Claustro extraordinario foi convocado para elixir representante do Consello Escolar.

O traballo realizado polos membros do claustro, caracterizouse pola colaboración e

participación activa de todos os seus membros nos diferentes traballos programados.

Primou como en cursos anteriores, o traballo en pequeno grupo: por niveis, coordinacións, comisións... como forma de axilizar a resolución dos temas traballados. Recurrindo ás reunións de todo o claustro para informar e aprobar as propostas xurdidas deses traballos.

O bo clima de respecto e convivencia reinante no noso grupo de mestras axudounos a acadar a maioría das metas propostas.

5.2 **Consello Escolar**

O Consello Escolar foi convocado en tres ocasións. con carácter ordinario e en dúas con carácter extraordinario. Tratáronse temas de presentación de Programación Xeral, aprobación de contas, de memoria anual, e outros asuntos que teñen que ver co correcto funcionamento do centro.

Os Consellos Extraordinarios foron con motivo da renovación dos seus membros e para consensuar a continuidade da Directora do centro.

Agradecerlles a todos os seus membros a súa colaboración e compromiso coa escola. Especial referencia ós representantes das nais/pais, ó seu esforzo para acudir ás convocatorias e a súa participación activa e colaborativa co equipo docente.

As reunións desenvolvéronse nun clima cordial e positivo. Tivo cabida o debate e as decisións sempre foron resoltas por consenso buscando o mellor para a escola.

Con independencia das competencias reais que a lei en vigor concédelle ó Consello Escolar, este equipo directivo quere resaltar o seu compromiso de buscar, mediante o diálogo, o respaldo do Consello Escolar, fuxindo das decisións unipersoais.

6. NIVEIS EDUCATIVOS

NIVEL 4º EI

A preparación do curso comezou en xuño cunha reunión coas familias onde se explicou o período de adaptación e déronse pautas de hábitos e de autonomía para que a súa incorporación en setembro fora máis doada.

Antes do comenzo das clases @s nen@s visitaron o centro coa súa familia para coñecelo e tamén ás mestras.

Durante o curso traballamos hábitos básicos de autonomía e relación, cumprir normas de convivencia, adquisición de responsabilidades, desenvolvemento da psicomotricidade grossa e fina...

1º TRIMESTRE

- Traballo manipulativo coas mans e dedos por medio de cancións, xogos e outras actividades.
- Samaín: obradoiro de cociña saudable (dedos de bruxa) e elaboración dunha manualidade (bolso de araña).
- Magosto: participamos con todo o centro na festa e fixemos un cucurucho para as castañas con xornal decorado e unha produción plástica ca técnica de estampación e troquelado representando unha árbore do outono.
- Obradoiro froitos do outono: fixeron unha degustación de laranxas, caquis, mazás, limóns... logo de tocalos, ulilos e contalos, traballando así a alimentación saudable e recoñecen produtos de proximidade.
- 25 Novembro para conmemorar o día internacional da eliminación da violencia contra a muller traballamos na aula o conto Artur e Clementina e Rosa Caramelo.
- Nadal: fixemos a carta para os Reis Magos que recolleu a coca Simona, unha bola de adorno para árbore de nadal. Aprendimos unha panxoliña para recibir a Papá Noel, e celebramos as badaladas de fin de ano.

Os contos traballados este trimestre: *Elmer* (para traballar as cores), *Como mola tu escoba* (para traballar o Samain), *El ladrón de hojas* (para traballar o outono) e *Un agasallo diferente* (para traballar o nadal).

Durante este trimestre aproveitamos a estación do outono para realizar una saída na contorna e observar os cambios na natureza.

2º TRIMESTRE

- Seguimos xogando e traballando a través do xogo manipulativo e sensorial.

- Empezamos traballando o inverno cunha pequena investigación sobre os pingüín. A partir do conto *Se valiente pequeño pingüino* fixemos un proxecto para coñecer máis sobre estes animais. Iniciámonos nos experimentos realizando un taller de neve que manipularon, trasvasaron... Por último, utilizamos este centro de interese para elaborar, en colaboración das familias, o noso disfraz do entroido.

O venres antes das vacacións, participamos no desfile pola rúa ó son da música

- Día da Paz : é un día de convivencia na que @s nen@s da clase se reparten entre o resto das clases do centro para realizar diferentes actividades con compañeirxs doutras aulas e cunha mestra diferente á súa titora.

Neste ano traballamos o lema “a paz está nas nosas mans”, polo que cada clase realizou un mural das súas mans que logo se presentou o resto das aulas no patio.

- Día de Rosalía: mural cooperativo coas familias recollendo palabras en galego.

- Día da muller:

- Como remate do trimestre elaboramos unha manualidade representando uns ovos de pascua (con ovos de chocolate no seu interior).

3º TRIMESTRE

- Continuamos na mesma liña de traballo, actividades moi manipulativas e favorecendo experiencias de xogo-aprendizaxe, insertando gradualmente novos contidos.

- Asistimos ao fit de Redondela a disfrutar dun obra de títeres “mans arriba”

-Celebramos o Día das letras galegas coa participación dunha mestra do centro tocando o himno galego coa gaita e coa actuación dun grupo de música galega chamado “choranaspedras”.

*Contos traballados este trimestre: “cinco” (para traballar os números e as cantidades) “Pequeño azul y pequeño amarillo” e “el sueño de Matías”(para traballar o arte).

-Como saída de fin de curso fomos ó parque da auga (en Mos) e a nivel de cole fixemos unha saída en tren a praia de Cesantes.

Referente as novas tecnoloxias:

- Utilizamos as novas pantallas instaladas en cada clase de xeito habitual: rutinas, adquisición de conceptos...

En canto a relación coas familias en xeral foi fluida, amable e colaborativa.

Co resto de profesorado : orientadora , PT, AL , especialistas e apoios foi coordinada, positiva , cooperativa e moi xenerosa cun altísimo grao de implicación das nosas demandas.

6.2 NIVEL 5º EI

Despois duns días de readaptación á escola tras o período de vacacións estivais, os nenos e nenas adaptáronse de novo e sen maiores problemas á dinámica de grupo e centro.

Este ano incorporáronse procedentes doutro centro un neno e unha nena procedente de Uruguay en setembro e catro máis ó longo do curso de diferentes nacionalidades.

As mestras, de forma coordinada, elaboramos o noso propio material de traballo, tendo como referencia os obxectivos e abordando os contidos programados en setembro. En toda a nosa práctica educativa abordamos a educación en valores,

hábitos básicos de identidade e autonomía persoal, así como de relación social.

Igual que o curso pasado decidimos seguir programando centros de interese partindo de contos.

No referente a lecto-escritura, durante o curso traballamos o alfabeto coas maiúsculas, a través do noso “libro das letras”, no que adicamos unha folla a cada letra e pegamos imaxes que comecen con esa inicial como método de traballo para inicialos na lectoescritura.

Participamos en celebracións, festas e conmemoracións a nivel de centro recollidas no calendario e ademáis, mantendo as festas de magosto, samaín, nadal, entroido, Letras Galegas, festival de Fin de Curso e a festa de despedida organizada pola ANPA.

1º trimestre:

Para fomentar o gusto pola lectura, no mes de outubro comezamos co préstamo de contos na fin de semana (facendo coincidir co día da biblioteca). Esta actividade consiste en que os venres cada neno/a leva un libro para ler en familia na casa e o luns o traen de volta e lles contan na asemblea aos compañeiros con quen o leron e se lle gustou ou non.

Durante o **primeiro trimestre** traballamos a través dos seguintes contos:

- CORNELIO (esquema corporal e as emocións), no mes de setembro
- A BRUXA DIVERTIDA (samaín e o medo) para o mes de outubro
- POLO CAMIÑO (os números; identificación e grafía), no mes de novembro
- UN, DOUS, TRES, NADAL É (o nadal como tradición familiar) para o mes de decembro.

Realizamos diferentes actividades segundo as diferentes conmemoracións:

*Festa da amizade: coma todos os anos, neste día, recibimos aos nenos e nenas de 3 anos no patio e cada clase lles canta unha canción que prepara con

anterioridade. Rematamos a festa con música e baile. A partir dese día xogamos todos/as os niveis xuntos no patio.

*Outono: Traballamos o outono facendo un mural reflexando os cambios que se producen nesta estación, así como actividades de aula de manipulación de ourizos, castañas, landras, noces...

*Samaín: Ademáis de participar na decoración do centro e a aula, contamos contos terroríficos e fixemos un de taller de filloas de cabaza.

*Magosto: como cada ano, celebramos esta festa no patio, na cal varios membros da anpa asaron castañas para tod@s que as recollemos nos conos que elaboramos con anterioridade na aula e os decoraron ao seu gusto. Rematamos con música e participando en xogos tradicionais; canasta de castañas, birlos, arrastramortos, 3 en raia...

*Nadal: o mes de decembro xirou arredor da festa do Nadal e disfrutamos dunha sesión no circo de Nadal de Vigo.

Como manualidade elaboraron unha bola de cartolina para colgar na árbore coa foto de cada nen@ no medio.

Recibimos a visita da Coca Simona que foi a encargada de recoller as cartas para os Reis Magos. Este ano visitounos Papá Noel, ao que lle cantamos unha panxoliña e nos entregou un agasaio.

Merendamos chocolate con rosca ofrecido pola anpa.

2º trimestre:

Durante o **primeiro trimestre** traballamos a través dos seguintes contos:

- UN COPO DE NIEVE EN EL BOLSILLO (o inverno e as súas características), no mes de xaneiro
- OVELLÑA DAME LA (características da ovella, o inverno e o entroido) para o mes de febreiro
- AINDA NADA (os números e as características da primavera), no mes de marzo

Realizamos diferentes actividades segundo as diferentes conmemoracións:

*Día da Paz: repartíronse unhas mans de cores polas aulas e fixemos unha actividade internivel favorecendo a interacción entre os alumn@s das diferentes idades, e finalmente realizouse unha exposición a nivel de centro no patio creando un gran mural coas mans decoradas polo alumnado nas aulas e rematando co lema “ A Paz está nas nosas mans”.

*Entroido: no entroido disfrazámonos de ovellas aproveitando o proxecto dese momento e desfilamos pola contorna do centro para rematar cunha merenda ofrecida pola anpa de orellas e zumos e música e baile no patio. O disface elaborámoslos con discos desmaquillantes pegados nunha camiseta branca e picamos unhas orellas para colocar nunha diadema.

*Día de Rosalía: para este día, a nivel de centro, elaboraron na casa unha palabra galega para expoñela no centro nun mural. Contamos tamén cunha sesión de teatro sobre Rosalía de Castro na que expoñía fragmentos dalgunhas das súas obras.

*Pascua: elaboramos unha tarxeta na que estampamos con esponxa varias cores quedando ao final a silueta dun coello. Puxemos un trozo de la, para poder colgala na porta da súa casa.

Participamos tamén na búsqueda de ovos no patio, unha actividade na que tiñamos que buscar un paquete con ovos de chocolate nun tempo limitado por todo o patio.

*Día da muller . Este día traballouse a nivel de aula cun conto e despois debuxaron a súa nai, irmán, avoa, tía ou madriña para colgar nun mural.

3º trimestre:

Durante o **terceiro trimestre** traballamos a través dos seguintes contos:

- EL CONEJO DE PASCUA (características da primavera e a pascua), no mes de abril
- ¡CUÁNTO COLOR! (as cores, as formas e o arte) para o mes de maio

- LA COCINA DE DIBUJOS (a cociña e o arte), no mes de xuño

Polo *Día do libro* fixemos un conto viaxeiro a nivel de centro, titulado “ o segredo de Xoel e Xiana” que fomos elaborando durante os meses de abril e maio e participaron na súa elaboración, tanto nos debuxos como no texto escrito, todo o alumnado do centro.

Tamén participamos nunha actividade intercentros chamada “lectura na rúa” organizada polo CEP Sta Mariña, na que o nivel de 4 e 5 anos imos ata a alameda de Redondela cun conto cada alumn@ e alí realizamos diferentes actividades propostas, coma a lectura silenciosa, cantar e bailar, intercambio de marcapáxinas, merenda xuntos...

*Os maios: aproveitando a celebración dos maios na vila, traballamos con pampullos para participar na elaboración do traballo de intercambio con outro centro.

*Letras galegas: este ano adicouse esta data as cantareiras. Para conmemorar este día, coa participitación da anpa, disfrutamos da actuación titulada “ as mulleres na música tradicional galega e os instrumentos miúdos” na que nos amosaron diferentes xeitos de facer música con diferentes elementos.

*Saída á hípica: realizamos unha saída á hipica “A muralla” para coñecer un pouco máis sobre a vida dos cabalos.

*Os títeres: disfrutamos da visita á función dos Títeres na XXVI edición do Festival Internacional de Títeres de Redondela titulada “ A pita Xefa”.

*Excursión fin de curso: este ano disfrutamos da saída de convivencia de todo o centro á praia de Cesantes no tren turístico de Redondela, onde realizamos diferentes actividades e merendamos todos xuntos á sombra no merendeiro da zona.

*Visita das alfombristas e danza das espadas: o último día deste curso teremos a

primeira hora a visita dun grupo de alfombristas, que coa flor que lles sobrou da elaboración das alfombras para o Corpus virán a facer unha alfombra de flores con nós. Despois do patio virán algúns dos protagonistas desta festa, que son algúns rapaces da danza das espadas, Vannos explicar de onde ven esta tradición e tamén en qué consiste o seu baile. O gaiteiro tocou para que puidesen bailar os propios alumnos.

Finalmente realizamos o festival de Fin de Curso, que tivo lugar na tarde do mércores día 18. Os maiores realizan diferentes actuacións, para o cal estiveron ensaiando ao longo do 2º e 3º trimestre para dar o punto e final á súa traxectoria neste centro... Ao remate fixeron a entrega de diplomas e orlas.

No tocante as novas tecnoloxías:

- colaboramos na edición número 26 da revista escolar COKIÑA en formato dixital;
- fixemos as rutinas diarias no encerado dixital interactivo;
- aportamos material elaborado polo alumnado e fotografías da súa participación nas festas, actividades e saídas para a web do centro

Grazas á colaboración da ANPA puidemos disfrutar dunha festa Festa fin de curso, o último martes do curso en horario escolar, con monitoras que realizaron diferentes xogos no pavillón anexo ao centro.

Relación coa comunidade educativa:

* Co alumnado: dada a idade do noso alumnado, co trato diario foi doado establecer un forte vínculo afectivo con eles. Esta relación, tan importante para diversificar os lazos afectivos e que os prepara para poder establecer futuras relacións sociais, sendo posible relacionarse co alumnado doutros niveis.

* Coas familias:

- a) Ó comezo de cada trimestre, enviouse un díptico no que se recollían os

obxectivos, contidos e orientacións referidas ao que se ía traballar.

b) No mes de outubro realizamos unha reunión de nivel para lembrar e explicar como se ía a levar a cabo o curso e resolver dúbidas.

c) Deuse conta da evolución da aprendizaxe e dos avances do alumnado a través da aplicación Abalar Móbil da avaliación feita no XADE ao final de cada trimestre.

d) As atencións nas titorías, que se realizaron todas de xeito presencial os martes pola tarde.

e) Grazas ao esforzo da ANPA puidemos desfrutar das festas habituais de cada ano.

En xeral, a relación coas familias do nivel, resultou fluída e positiva. Contamos coa súa cooperación e colaboración nas diversas actividades realizadas durante o curso; non xurdindo problemas significativos.

* Co profesorado: a relación cos diferentes equipos foi fluída e coordinada durante todo o curso; facilitando o traballo e o bo funcionamento da escola.

* Con outras institucións:

- Nunha colaboración da nosa escola co CEIP Fermín Bouza Brey – Ponteareas, elaboramos un cartaz “ De Redondela a Ponteareas”, no que representamos Os Viaductos de Redondela e o escudo do concello con flores e sal de cores, imitando unha alfombra do día de Corpus.

- No mes de xuño en coordinación co CEP “ Santa Mariña”, ao que estamos adscritos, organizouse unha visita ao centro de Primaria para que os nenos e nenas tivesen un primeiro contacto co centro ao que asistirán o vindeiro curso. O nivel de 4 anos participamos con este centro en “lectura na rúa”.

- Colaboramos na elaboración dun cartaz para a festa da Coca para distribuír polos comercios locais de Redondela.

O nivel de consecución dos obxectivos establecidos para a etapa de Educación Infantil por parte do alumnado foi elevado. O ritmo de traballo foise incrementando e mellorando os resultados día a día. A forma de traballalos, tanto por parte do alumnado como por parte das mestras resultou satisfactorio. A relación social e de apego conseguida foi moi boa.

6.3 NIVEL6º EI

Este ano incorporáronse 3 alumnos/as, de diferentes nacionalidades, dos cales dous procedían doutros centros de Vigo.

As mestras, de forma coordinada, elaboramos o noso propio material de traballo, tendo como referencia os obxectivos e abordando os contidos programados en setembro. En toda a nosa práctica educativa abordamos a educación en valores, hábitos básicos de identidade e autonomía persoal, así como de relación social.

No referente a lecto-escritura, durante o curso traballamos coas maiúsculas e participaron en obradoiros semanais coa especialista de A.L.

Participamos en celebracións, festas e conmemoracións recollidas no calendario escolar así como tamén nas festas a nivel de centro como magosto,samaín, nadal, entroido, Letras Galegas, festival de Fin de Curso ...

1º trimestre:

Para fomentar o gusto pola lectura, no mes de outubro comezamos co préstamo de contos durante unha semana.

Durante o **primeiro trimestre** traballamos a Yayoy Kusama onde elaboramos diferentes actividades relacionadas con esta pintora, (mantel para as merendas) tamén traballamos o outono onde coñecemos diferentes froitos típicos da época,as paixases do outono, tinguímos arroz coas cores do outono

Ademáis de Yayoy tamén traballamos outro pintor como Kandisky elaborando réplicas das súas obras máis coñecidas (como os círculos concéntricos)

Traballamos a Hypatya no mes de novembro conmemorando o mes da ciencia, aproveitando que descubriu o astrolabio serviunos de motivación para empezar o proxecto do universo.

Levamos a cabo a festa da amizade para recibir ós nenos/as de tres anos onde bailamos e cantamos todos xuntos no patio.

Para o samáin fixemos unha Pócima máxica con diferentes ingredientes que trouxeron os nenos (lenguas de gato, ancas de ra, sangue de lobo...) ademáis os nenos e nenas viñeron disfrazados cos seus disfraces máis terroríficos.

Polo magosto elaboramos os cucuruchos, para as castañas e participamos en xogos tradicionais coma os bolos,arrastramortos etc.

Polo 25 N a través do conto “A familia dos porcos” “ Artutr e Clementina”falouse da importancia do respecto e a igualdade de xénero entre nenos e nenas.

O traballo de **decembro** xirou arredor da festa do Nadal. Un elfo tróuxonos algunhas consignas a modo de “bromas” que nos facía na aula. Como manualidade fixeron un pano decorado cunha árbore feito coas súas mans, así como a decoración dunha bolsa de papel onde levaron os traballos do primeiro trimestre.

Recibimos a visita da coca Simona, que recolleu as nosas cartas para os Reis Magos. Ademáis viu Papá Noel onde on nenos/as entregáronlle as súas cartas. Merendamos chocolate con rosca ofrecido pola ampa. Este mes tamén traballamos a través de contos, vídeos e imaxes e abordamos o *Día Internacional das persoas con discapacidade*.

2º trimestre:

Durante o mes de **xaneiro** os contidos que traballamos xiraron en torno o inverno e as súas prendas, así como tamén coa importancia da confianza en si mesmo, o

respecto polas diferenzas, e o proxecto do “ sistema solar”

Polo *Día da Paz* realizamos unha actividade internivel favorecendo a interacción entre os alumn@s das diferentes idades, e expúxose no patio un gran mural coas mans dos nenos seguindo o lema “ A PAZ ESTÁ NAS NOSAS MANS”.

A finais de **febreiro** empezamos cos mandatos do Meco e o xoves nenos e nenas viñeron disfrazados libremente das súas casas. O venres disfrazámonos co feito na aula (planetas) para facer un desfile arredor do centro coa visita das familias o ritmo da música.

Para o día de Rosalía, contamos cunha sesión de teatro sobre Rosalía de castro na nosa escola.

Polo día da muller traballamos as mulleres cada neno/na trouxo un escrito sobre unha muller importante da historia, de todas elas a que máis se repetía era Marie Curie, a cal fixemos un pequeno proxecto sobre ela.

Como manualidade pola Pascua fixemos un coello de arxila con ovos de chocolate.

O 27 de abril tivemos unha saída ó museo do mar en Vigo.

3º trimestre:

Comezamos o mes de **abril** traballando sobre o noso corpo onde elaboramos diferentes actividades, un esqueleto con plastilina, un esqueleto móvil, un lapbook a modo de resumo de todo o traballado...Ademáis de facer un pequeno proxecto das abellas relacionado coa saída de fin de curso a apípolis.

O 8 de abril levouse a cabo un obradoiro de inglés dada a importancia do idioma.

O 9 de abril tivemos un obradoiro de reciclaxe onde se falou da importancia da reciclaxe para coidar o medio ambiente.

O 22 de abril tivemos unha saída ó multiusos para ver unha obra de teatro da fundación igualarte.Ó día seguinte 23 de abril fomos a lectura na rúa na alameda de

Redondela onde compartimos con outros coles o día do libro con lecturas ó aire libre.

Polo día das letras galegas este ano visitouno unha cantareira que levou a cabo un obradoiro onde lles ensinou ós nenos e nas diferentes instrumentos (pandeireta, pandeiro, sacho, unha chave...)típicos galegos ademáis de deleitarnos con cantos típicos galegos. Tamén estivemos traballando a canción proposta dende o Equipo de normalización “Ven a bailar Carmela”

O día 13 de **maio** fixemos a excursión de fin de curso a APÍPOLIS.

.O día 15 fomos o Festival de títeres de Redondela. Onde vimos a “ PITA XEFA”

En **Xuño**, rematamos o proxecto do corpo humano traballando as emocións a través de diferentes contos.

Tamén contamos coa a axuda de alfombristas de Redondela para facer unha alfombra con diferentes elementos da natureza (flores, follas...) Viñeron a bailar a danza das espadas.

O mércores 18 celebramos o festival de Fin de Curso, para o cal estivemos ensaiando ao longo do 2º e 3º trimestre. @s alumn@s elaboraron unha invitación para ás familias. Ao remate fixemos a entrega de diplomas e orlas.

Visitamos o cole de primaria onde asistirán o vindeiro curso e visitounos o alumnado da gardería da xunta que virá proximamente.

Como remate do curso fixemos unha saída internivel á Praia de Cesantes indo no Tren Turístico de Redondela

No tocante as novas tecnoloxías:

- colaboramos na edición número 23 da revista escolar COKIÑA en formato dixital;
- fixemos as rutinas diarias no encerado dixital interactivo;
- aportamos material elaborado polo alumnado e fotografías da súa participación nas festas, actividades e saídas para a “ web ” e instragram.

- Fixemos unha alfombra en cartulina con diferentes materiais da natureza imitando a unha alfombra do corpus christi. como parte dun proxecto de intercambio cun ceip de Ponteareas.

Grazas á colaboración da ANPA puidemos disfrutar dunha festa Festa fin de curso.

Relación coa comunidade educativa:

* Co alumnado: dada a idade do noso alumnado, co trato diario foi doado establecer un forte vínculo afectivo con eles.

* Coas familias:

f) Levamos a cabo a reunión xeral coas familias de cara o comezo de curso que ven.

g) A evolución da aprendizaxe e os avances do alumnado fixémoslo a través da aplicación Abalar Móbil e a avaliación feita no XADE ao final de cada trimestre. Os items de avaliación do PROENS parecénnos incomprensibles para as familias.

h) Atendemos titorías presenciais.

i) Grazas ao esforzo da ANPA puidemos disfrutar das festas habituais de cada ano.

A relación coas familias do nivel, resultou fluída e positiva.

* Co profesorado: a relación cos diferentes equipos foi fluída e coordinada durante todo o curso; facilitando o traballo e o bo funcionamento da escola.

7. COORDINACIÓNS

7.1 Coordinación de ciclo.

No comezo do curso escolar 2024/2025 propuxéronse os obxectivos seguintes:

- Elaborar as programacións adaptada ao currículo actual, a través da plataforma dixital PROENS.
- Cumplir o calendario escolar
- Traballar por proxectos partindo dos intereses do alumnado.
- Reunirse e coordinarse de forma periódica co departamento de Orientación e cos demais equipos (ciclo, actividades complementarias e extraescolares, dinamización de biblioteca, dinamización da lingua galega, dinamización das tics.
- Cumprir os obxectivos propostos no plan dixital
- Outros que poidan xurdir.

Rematado o curso e analizado o traballo realizado conclúese que:

- Fíxose a programación didáctica adaptada a normativa e currículo actual, por medio da plataforma PROENS
- Leváronse a cabo reunións periódicas co departamento de Orientación, así como cos demais equipos.
- Todo o claustro recibiu formación de polos creativos especificamente de radio no CEFORE, para poder poñer en práctica a radio na escola, que lamentablemente non se puido poñer en práctica debido a falta de material.
- Leváronse a cabo as conmemoracións establecidas no calendario escolar, así como as festas previstas a nivel de aula, e de centro, e as saídas programadas por niveis así como outras nas que acudiu todo o centro. (Saída a praia de Cesantes no tren turístico)

Todas estas actividades tamén quedaron reflexadas a través da revista escolar.

- No que respecta a avaliación da comunidade educativa, en xeral, valórase

como positiva, os diferentes equipos (dinamización lingüística, tics, biblioteca...) así como os equipos de niveis traballaron de forma correcta e coordináronse adecuadamente entre eles.

As familias en maior ou menor medida, participaron das diversas actividades propostas e tamén a través da ANPA traballaron de forma coordinada co centro na organización das celebracións programadas na escola, así como a festa de fin de curso conseguindo deste xeito, entre todos, unha adecuada colaboración e coordinación entre toda a comunidade educativa.

Este curso compartimos departamento de Orientación co CEIP Plurilingüe infante Felipe de Borbón de Salvaterra os días mércores e venres.

Cabe destacar algunhas conductas inapropiadas por parte de alumnos de 6º de educación infantil, o cal houbo que poñer en coñecemento dos pais por medio do departamento de orientación.

Ademáis deste caso, tamén houbo unha chamada a inspección referida a un problema familiar dun dos alumnos de 5º de educación infantil. Esta información foi obtida por parte do neno, inmediatamente despois puxemos en contacto coa proxenitora para contrastar a información recibida. Neste caso tamén entrevistou o departamento de orientación para recoller o suceso.

Como resultado de avaliar o curso, dicir que se foron cumprindo os obxectivos previstos, así como o desenvolvemento das programacións didácticas leváronse a cabo según o previsto polo que os resultados académicos do alumnado foi positivo.

As actividades propostas polo equipo de ciclo foron ben aceptadas polo resto de profesorado obtendo un bo resultado de satisfacción.

Como propostas de melloras de cara o seguinte curso necesitamos máis profesorado de apoio para poder chegar a todo o alumnado con necesidades así como tamén nos gustaría contar cun mestre especialista de música para os nosos alumnos e alumnas xa que ten un impacto significativo no seu desenrolo cognitivo, emocional,

físico e social, así como que fomenta a creatividade e imaxinación dos nenos e nenas.

Ademáis tamén nos gustaría contar cun especialista de educación física para o noso alumnado xa que consideramos de gran importancia esta materia axudando ós nenos e nenas a mellorar a súa motricidade fina, equilibrio, destrezas así como o coñecemento do seu propio corpo a través das diferentes actividades motoras. Para dar unha mellor resposta ó noso alumnado, solicitamos para o curso que ven Orientadora para dar resposta a aqueles nenos/as que presenten necesidades educativas especiais.

7.2 Actividades Complementarias

Durante o curso 2024-2025 o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares da EEI A Marisma estivo constituído polas mestras Elena Vázquez Bugarín e M.^a Cándida Ferreira Díaz (coordinadora do mesmo) reuníndose a lo menos unha vez ao trimestre, encargándose da organización das actividades de carácter lúdico e educativo.

Debemos salientar a colaboración co equipo de Fomento da Lingua Galega e a aportación de todo o claustro para dar ideas.

A continuación indicáanse brevemente as actividades levadas a cabo durante este curso:

❖ **DÍA DAS BIBLIOTECAS** (24 de outubro) . Para festexar este día , cada nenx, comezará a levar á casa, **a mochila viaxeira**, composta por contos para el/ela, para irmás/ irmáns e para os pais/ nais, ademais de xogos para disfrutar en familia.

Esta mochila permanecerá en cada domicilio unha semana .

❖ **SAMAÍN** (31 de outubro) Festexámolo ao longo de toda a semana , cumprindo as ordes da bruxa e, rematando con un disfraz terrorífico.

Por niveis fixemos talleres de postres típicos do día:

- 4º EI Dedos de bruxa
- 5ºEI Chulas de cabaza

- 6º El Pócima máxima

❖ **FESTA DO MAGOSTO** (11 de novembro) Varios membros da ANPA, asaron as castañas no patio do centro . Cada aula saiu en orde para, ver como se asaban estos froitos de outono. Voltaron á aula a recoller os seus cartuchos de xornal e saímos para ,recoller as castañas e degustalas sentados por niveis .Cada nivel elaborou unha manualidade para levar á casa.

A nivel de centro, organizáronse xogos no patio

❖ **DÍA UNIVERSAL DX NENX** (20 novembro) Traballamos a nivel de aula, a importancia dos dereitos dos nenxs, a través de : contos, cantigas, xogos...

❖ **DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER** (25 de novembro)

Cada titora a nivel de aula, traballouno cos nenxs empregando contos, que lemos valorando a importancia da muller .

❖ **DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

(3 decembro)

A discapacidade pode ser motriz, auditiva, visual...e por medio de cancións e murais cos que, decoramos o centro, pretendemos que , xs nosxs alumnxs aprecien outras realidades ,as veces moi preto de nós

❖ **FESTA DO NADAL** (20 de decembro)

Con motivo desta celebración ao longo da semana visitounos a COCA SIMONA, para, recoller as cartas.

O día 20 veu PAPA NOEL, entregando agasallos , a todxs xs nenxs do cole

Cada nivel elaborou unha postal personalizada de nadal para felicitar ás familias.

❖ **DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ** (30 de xaneiro)

Durante esa semana ,cada aula traballou en torno aos valores da non violencia e paz, e no propio día realizamos unha activiade internivel.

❖ **DÍA DE ROSALÍA** (23 febreiro)

Traballamos a nivel de aula a figura de Rosalia e a súa importancia na difusión da nosa lingua e cultura.

Asistimos ao teatro adicado á escritora, actividade, proposta desde o Equipo de Normalización Lingüística do concello.

❖ **BENVIDOS AO ENTRODIO (24 - 28 febreiro)**

Chegou o entroido e, con el, as ordes do meco.

Cada nivel, elaborou unha parte do seu disface na aula , este ano adicado ao :

4º Inverno do que, fixeron un proxecto, disfrazáronse de pingüíns

5º A partir do conto: OVELLIÑA DAME LA, que, traballaron ao longo do mes, foron de ovellas.

6º A partir do proxecto : O SISTEMA SOLAR, disfrazáronse de planetas

❖ **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (8 de marzo)**

A partir da assemblea que cada titora fai co alumnado na clase, establecemos unha conversa en gran grupo valorando a importancia da muller (na familia, na sociedade, no deporte...)

❖ **DÍA DO LIBRO (23 de abril)**

Desde a biblioteca comezouse a mandar a : MOCHILA VIAXEIRA, que permaneceu con cada familia, unha semana.Nela ía:

Contos para nenxs

Libros de lectura para: irmáns, irmás e para adultos (mamás, papás, avós / avoas...)

Xogos para levar a cabo en familia.

Tamén participamos xunto cos demais centros do noso concello, na actividade: LECTURA NA RÚA.

❖ **DÍA DA FAMILIA (15 de maio).**

A nivel de aula, lemos contos cos que, traballamos os distintos tipos de familias.

❖ **LETRAS GALEGAS (17 de maio)**

Ademais de, destacar a importancia da nosa lingua e a nosa cultura , valoramos a importancia das :

CANTAREIRAS,(a quen se lle adicou este ano este día) como figuras fundamentais ,da música tradicional da nosa cultura.

Por niveis , no patio, cantamos acompañados por instrumentos musicais (pandeireta,

cunchas...) cantigas representativas da nosa cultura:

- **4º FESTA**
- **5º MIÑA NAI**
- **6º VEN BAILAR COMIGO CARMIÑA .**

Esta actividade, foi promocionada, polo Equipo de Normalización Lingüística , do centro.

Nesta semana das Letras Galegas , coma cada ano,tamén acudimos aos títeres, ao Multiusos da Xunqueira para ver a obra de teatro : **A PITA XEFA**

OBRADOIRO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS MENORES, actividade que, foi promocionada e pagada, polo Equipo de Normalización Lingüística do centro

❖**FESTIVAL DE FIN DE CURSO (18 xuño)**

Neste día, as familias do nivel de 5 anos ,foron convidadas a disfrutar en horario de tarde, dun festival no patio ,coas actuacións dos maiores do cole, como despedida do cole

❖ **FESTA DA COCA (20 de xuño)** Como tradición fixemos unha alfombra de flores típica da celebración do Corpus,festa moi arraigada na nosa vila.Viñeron 3 expertas alfombristas que ,nos ensinaron como facela e por niveis, foron colaborando na súa elaboración. Ese mesmo día compoñentes da Danza das Espadas actuaron para nós no patio.

Tamén fixemos o noso propio cartel das festas da coca, que ,o nivel de 5 anos repartiu por distintos establecementos do pobo, aproveitando, unha saída ás alfombristas da vila, para ver a súa labor nestas festas, e a visita ó multiusos para ,ver á coca e os famosos cabezudos.

Outras actividades nas que, participamos os distintos niveis ,como complemento, ao noso traballo diario foron:

VISITA DA POLICÍA NACIONAL , que nos amosou o traballo que fan diariamente.

SAÍDA AO MUSEO DO MAR DE VIGO ,que, nos permitiu coñecer de preto,

a vida do mar e, a importancia de reciclar e non contaminar.

OBRADOIRO DE INGLÉS .financiado polo cole para alumnxs de 6º EI

TEATRO. O grupo de teatro **VARIOPINTO (FICANDAINA)** ,da fundación **IGUALARTE** , veu ao cole a representar a obra : **MI HERMANO LUCA** para 5º e 6º EI

VISITA Á ESCOLA DE HÍPICA A MURALLA, por parte dxs alumnxs de 5º para coñecer a vida dos cabalos, animais,moi queridos na nosa zona.

VISITA A APÍPOLIS, que,levaron a cabo xs alumnxs de 6º a partir dun proxecto que fixeron sobre as abellas.

SAÍDA AO PARQUE DA AUGA DE MOS. Xs alumnxs de 4º , visitárono como complemento , á saída do **MUSEO DO MAR DE VIGO**.

ARTELIXO. Todo o alumnado do centro , a proposta da ANPA,participou neste evento promocionado polo concello. A temática deste ano, foi unha resposta á ameaza que, supón o proxecto da macrocelulosa ALTRI, para toda Galicia.

MÚSICA DE RAIZ GALEGA. Actividade levada a cabo pola Fundación Legar onde tocaron instrumentos da tradición rural galega e cantigas antigas .

VIAXE NO TREN TURÍSTICO. Como remate final do curso, todxs viaxamos no tren turístico de Redondela, para ir pasar unha xornada escolar, á praia de Cesantes.

7.3 Dinamización da Lingua Galega

Dinamización da Lingua Galega

Nesta memoria facemos unha valoración da consecución dos obxectivos, do desenvolvemento das actividades así como das propostas de mellora para os cursos posteriores.

Os obxectivos propostos para este curso escolar 2024-2025, foron os seguintes:

- j) Potenciar o uso do galego por parte da comunidade escolar.
- k) Implicar de maneira activa ós membros da comunidade educativa,

especialmente ás familias.

- l) Achegar ó alumnado recursos, xogos, actividades para valorar a cultura galega.
- m) Colaborar con outras institucións para a realización de actividades a prol do galego.

Acadar estes obxectivos supuxo levar a cabo diferentes actividades:

3. Colaboracións con entidades culturais e outras institucións e organismos para levar actividades conxuntas.
 4. Colaboración cos demais coordinadores de dinamización lingüística do concello así como coa Secretaría Xeral de Política Lingüística no desenvolvemento de actividades.
 5. Colaboración cos demais coordinadores de dinamización lingüística de escolas de outros concellos
 6. Colaboración co equipo de actividades extraescolares e participación na celebración de festas pertencentes a nosa cultura como: Samaín, Antroido, Magosto, Rosalía, Letras Galegas, a Coca con actividades para adquirir novo vocabulario en galego...
 7. Emprego da web <https://centros.edu.xunta.gal/eeiamarisma/gl> e do instagram eeiamarisma para mostrar as actividades que se desenvolveron e para favorecer o uso do galego entre a comunidade educativa.
- Elaboración do nº 26 da revista “COKIÑA”, coa colaboración de todo o profesorado.

Somos conscientes que fomentar o uso do galego nun contorno castelán-falante é un traballo difícil e que precisa de continuidade, non obstante consideramos que os obxectivos propostos foron acadados.

No referido á dotación económica recibida por parte da Secretaría Xeral de Política lingüística segue sendo escasa e afortunadamente, o SNL de Redondela propón actividades para o fomento do galego enfocadas para a etapa de infantil,

Historias Soñadas e o Concello optou por **A Pita Xefa** para a cativada no Festival Internacional de Títeres polo que houbo unha fluída colaboración nas actividades. Este ano tamén tivemos a gran sorte de colaborar coa ANPA na actividade **As mulleres na música tradicional galega e os instrumentos miúdos** e que a Fundación Filomena Rivero Alonso nos agasallara cun marabilloso obradoiro de **música tradicional con instrumentos de raíz** da man da Fundación Legar. Agradecer tamén ás mestras e as familias que tiveron que tirar de amigo/as para conseguir visitas de balde que serviron para enriquecer a posta en valor da lingua e cultura galega.

7.4 Dinamización da Biblioteca

A biblioteca escolar constitúe un entorno educativo de lectura, información e aprendizaxe, e como tal, debe responder ás necesidades da comunidade educativa. Ao longo do curso 2024/25 foi o primeiro curso completo de uso da biblioteca no novo espazo.

En anos anteriores, as actividades de fomento á lectura foron realizadas nas aulas a partir das “bibliotecas de aula”, empregando a hora de ler e o préstamo de libros a fin de semana cos maiores do cole (5 anos). A esta iniciativa sumouse, durante este curso, o nivel de 4 anos.

En, outubro, coincidindo co día da biblioteca, comezouse a enviar a mochila viaxeira para o alumnado de 5º e 6º de infantil. Son 4 mochilas, que viaxan ás casas os martes e deben voltar o seguinte martes. A mochila vai personalizada para cada neno/a dependendo da circular cuberta pola familia ao principio de curso na que indicaban que se hay hábito de lectura na casa, que tipo de xénero len os pais, se teñen irmáns e as idades...

Estas mochilas están compostas de:

- * 4 contos en galego e castelán.
- * 1 conto (para os de 6º de infantil) para prelectores.

* 1 Xogo de mesa para xogar en familia.

* 1 pen con música en galego

* 1 conto para os irmáns (se os teñen), axeitado para a súa idade

* 2 libros para a familia, se son lectores e do xénero que indicasen na encuesta

Neste curso, elaborouse un horario para realizar a visita á biblioteca por aulas e alí, cada mestra, lles lee un conto no espazo habilitado para actividades en grupo e a lectura de contos ou ben realizaron actividades por grupos na mesa. Tamén se realizaron talleres de cociña na biblioteca durante o curso en varias ocasións.

Os libros da biblioteca colocáronse de xeito organizado e con tarxetas con imaxes ben visibles para facilitar a búsqueda autónoma de libros.

Durante o curso, o equipo de biblioteca seguiu organizando a mesma rexistrando libros de nova adquisición así como a organización de xogos de mesa no espazo habilitado para este tipo de actividades. Todavía queda moito traballo de organización e rexistro de contos na biblioteca.

8. ESPECIALIDADES

8.1 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. Xustificación

Esta memoria ten coma obxectivo recoller as actuacións realizadas polo Departamento de Orientación da EEI A Marisma durante o curso 2024/2025 estando estas actuacións enmarcadas nun **proxecto de actuación e asesoramento permanente** ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) e de **actuacións de forma preventiva** e temperá no que atinxe ás **dificultades de desenvolvemento e/ou aprendizaxe** que presentou o alumnado desde as primeiras idades durante o presente curso escolar.

En canto ao funcionamento do Departamento de Orientación, as reunións coas familias

foron principalmente presenciais e a atención ó alumnado levouse a cabo principalmente dentro da aula excepto as intervencións da especialista de AL.

2. Accións prioritarias e consecución de obxectivos propostos.

Para o presente curso escolar 2024/2025 establecemos o seguinte Plan de actuación seguindo o artigo 15º da O. 24/7/98 e centrándonos nas accións prioritarias recollidas na Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa recollidas no Plan anual de actividades do D.O; En relación á inclusión e diversidade, á acción tutorial, á convivencia e educación en valores; en relación tamén ó plan de orientación, ó plan anual, á memoria do curso e tendo en conta, o proceso de avaliación e calidade recollidos no Plan de orientación e desenvoltas a través do Plan Anual de Actividades do Dpto. de Orientación.

3. Desenvolvemento dos aspectos organizativos

Este curso 2024-2025 a EEI A Marisma contou cunha orientadora dous días á semana itinerante co CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón (Salvaterra de Miño).

O Departamento de Orientación reuniuse o terceiro martes de cada mes, como ven sendo habitual.

4. Propostas de mellora:

- Manter un tempo de coordinación, tanto os mércores como os venres, entre os membros do Departamento de Orientación, para establecer unha liña de actuación conxunta.
- Coordinarse co profesorado titor do alumnado con neae para atender as súas demandas e traballar de xeito coordinado.
- Revisar o plan de convivencia e actualizalo se se considera necesario.
- Necesidade ter na escola unha PT para cubrir as necesidades do centro.

Por último, dicir que se levaron a cabo talleres en 5º e 6º de educación infantil, organizados por AL para traballar conciencia fonolóxica, aspectos xerais dos

prerrequisitos da lectoescritura e razoamento lóxico.

MEMORIA DE AL

Obxectivos acadados

Obxectivos dirixidos ao profesorado

- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación e orientación do alumnado con dificultades da linguaxe.
- Garantir a máxima coordinación con tódolos profesionais que atenden ao alumnado con NEAE.
- Colaborar na elaboración de medidas de prevención e detección precoz de posibles dificultades da linguaxe.
- Proporcionar pautas de intervención ao profesorado en todo o referente ao Área de Comunicación e Linguaxe
- Colaborar co profesorado na realización de material específico para alumnado con neae.

Obxectivos dirixidos as familias:

- Proporcionar pautas de intervención e orientacións precisas as familias sobre o desenvolvemento da linguaxe.
- Implicar as familias no proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus fillos.
- Garantir un coñecemento positivo das posibilidades e limitacións do alumnado.
- Establecer unha línea de actuación común de cara á xeneralización de aprendizaxes.

Obxectivos dirixidos ao alumnado:

- Realizar un seguemento do proceso educativo do alumnado, en coordinación con tódolos axentes que leven a cabo unha labor educativa co alumnado ben sexan

internos como externos ao centro (logopedas, terapeutas, profesionais de asociacións ou gabinetes, familia...)

- Axustar a resposta educativa ás necesidades educativas do alumnado e optimizar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Levar a cabo os talleres de conciencia fonolóxica co alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil e detectar as posibles necesidades que poidan xurdir en todos os cursos.
- Identificar e dar resposta as necesidades que poidan xurdir no alumnado ao longo de todo o curso.

Alumnado atendido

- No cuarto curso:
 - Taller con 5 alumnos/as con trastorno leve ou moderado da comunicación e da linguaxe.
 - Atención individualizada a catro alumnos con descoñecemento da lingua.
 - Atención individualizada a un alumno con desfase no neurodesarrollo.
- No quinto curso:
 - Atención individualizada a un alumno con Trastorno do Espectro Autista.
 - Atención individualizada de 6 alumnos con trastorno leve ou moderado da comunicación e da linguaxe.
- No sexto curso:
 - Tres alumnas con descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
 - 6 alumnos con trastorno leve o moderado da comunicación e da linguaxe.

Metodoloxía xeral

- A metodoloxía levada a cabo foi a proposta na Avaliación inicial baseada no

reforzo positivo, o modelado e moldeamento, o emprego de apoios visuais, o método de estruturación TEACCH e o emprego das novas tecnoloxías (tablet e pantalla dixital).

Traballouse de maneira individualizada e en pequenos grupos para os talleres de 4 e 5 anos.

Tamén realizouse un taller único cos nenos/as de 3 anos con máis dificultades (barreira idiomática).

Propostas de mellora

Establecer un tempo e espacio no que titoras de alumnado con NEAE e especialmente con NEE e os membros do DO poidamos coordinarnos de forma simultánea.

De cara o próximo curso, consideramos necesario continuar cos talleres de AL en 4 e 5 anos para traballar conciencia fonolóxica, vocabulario, morfosintaxe, expresión oral, conciencia numérica, razoamento... Seguimos vendo a necesidade de levar a cabo desdobres dos grupos máis numerosos para os talleres de estimulación. Ditas intervencións pretenden ser globalizadoras e multidisciplinares, incidindo naqueles aspectos máis importantes da etapa de Educación Infantil a través da manipulación e a práctica conxunta.

Ditos talleres pensamos que é mellor organizalos de outubro a maio de maneira que queden os meses de setembro e xuño para as avaliacións iniciais e finais respectivamente.

Necesidade ter na escola unha PT para cubrir as necesidades do centro.

8.2 PSICOMOTRICIDADE

Un ano máis como mestra de apoio, entre outras funcións, son a encargada do desenvolvemento de aspectos da psicomotricidade, recollidos na área de Crecemento e harmonía do currículo de Educación Infantil.

En cada grupo-aula impartiuse unha sesión semanal, dunha hora de duración na aula de usos múltiples.

Durante este curso escolar 2024-2025 leváronse a cabo unha serie de actividades encamiñadas a acadar os seguintes **OBXECTIVOS** propostos na programación:

- Tomar conciencia do propio corpo e o dos seus compañeiros/as.
- Coñecer progresivamente as principais partes do corpo.
- Adquirir unha boa coordinación e control corporal.
- Desenvolver progresivamente as súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquirir equilibrio estático e dinámico.
- Desenvolver o ritmo corporal.
- Integrarse nos xogos grupais cooperando cos demais e asumir as regras.
- Interiorizar nocións espaciais e temporais en relación co propio corpo, cos obxectos e as demais persoas.
- Estimular e tomar conciencia da capacidade sensitiva e perceptiva relativas ao propio corpo e ao exterior.
- Gañar autonomía e confianza nos propios movementos.

Para acadar estes obxectivos traballáronse os seguintes **CONTIDOS**:

- O esquema corporal (identificación global e segmentaria do propio corpo, diferenciación de si mesmo en relación cos iguais).
- Movementos corporais (andar, correr, subir, sentarse, deitarse... e cambios posturais).
- Habilidades psicomotrices grosas e finas: lateralidade, control tónico, eixe corporal...
- Equilibrio en repouso e movemento.
- O ritmo.
- Participación activa en xogos grupais.

- Nocións espaciais e temporais: preto-lonxe, enriba-debaixo, rápido-lento, etc.
- Respecto e coidado dos materiais que emprega. Colaboración na súa recollida.
- Gusto polo movemento.
- Actitude de escoita ante as mensaxes que recibe.

A **METODOLOXÍA** empregada foi unha metodoloxía **activa e participativa**, baseada na actividade infantil e no XOGO; atendendo a diversidade do alumnado, desenvolvendo as súas potencialidades e partindo sempre dos intereses e motivacións de nenas e nenos. Respectouse a globalidade do/a neno/a, a súa madurez e desenvolvemento, os diversos ritmos individuais e características específicas de cada neno/a. Tentei crear un clima cálido, acolledor e seguro onde nenos e nenas se sintan confiados para poder afrontar os distintos retos que lles plantexei.

Todas as actividades planificáronse tendo en conta as posibilidades motrices e as características propias que presenta o alumnado destas idades (con diferenzas entre os diferentes niveis), contando cunha axeitada organización espacial e temporal, cos materiais apropiados e fomentando a interacción coa contorna e os iguais, con actividades que parten dos movementos do propio corpo do alumnado. Planificadas dende un enfoque lúdico e globalizado, xa que o xogo é o que mais motiva ao alumnado. Xogando xorden situacións que lles fan experimentar co seu corpo e coas súas posibilidades motrices. Todas as actividades irán encamiñadas a favorecer o desenvolvemento motor.

As actividades organizáronse en cada sesión semanal da seguinte maneira:

- Iniciais ou de quentamento (con exercicios e movementos de quentamento e a través do baile e de coreografías)
- Actividades de desenvolvemento.
- Finais e de relaxación (entre 3 e 5 minutos, nenas e nenos deitados con música de relaxación de fondo)

No referente á **ORGANIZACIÓN ESPACIAL**, as sesións leváronse a cabo na aula de usos múltiples da escola, espazo que con todos pero especialmente cos grupos de 6º EI, fíxose un pouco reducido tendo que organizar a maior parte das actividades en grupos.

En canto a ORGANIZACIÓN TEMPORAL, cada sesión tivo unha duración de 60 minutos para cada un dos grupos, unha día a semana.

Organicei temporalmente cada sesión da seguinte maneira, destinando un tempo fixo aproximado a cada actividade:

- Saída da aula en ringleira e en silencio.
- Asemblea inicial para saudarnos, recordar as normas que debemos cumprir durante o desenvolvemento da sesión e comentar brevemente as actividades que imos realizar (5 min).
- Actividades iniciais e de quentamento: exercicios de quentamento e coreografía (10 min).
- Actividades de desenvolvemento (30 min), onde se desenvolveron os contidos das distintas unidades didácticas a traballar.
- Recollida e ordenación do material (5 min).
- Actividades de relaxación (5 min).
- Regreso á aula en ringleira e en silencio.

Os RECURSOS MATERIAIS dos que dispoñemos na aula na que se realizan as sesións de psicomotricidade son materiais cunha finalidade didáctica, con múltiples posibilidades e serven para mellorar o aprendizaxe de meu alumnado. É axeitado e variado para así en cada sesión empregar o que mais se axuste a actividade. Aínda que moito do material necesita renovarse.

En canto aos materiais didácticos cos que contamos na aula, temos:

- Material para o desenvolvemento motor: pelotas de varios tamaños, aros de tres tamaños diferentes, cordas, ladrillos e picas, panos de cores, zancos, bancos, conos, elementos de goma-escuma, colchonetas, raquetas, bolos, paracaídas, espaldeiras, conxunto para a braquiación, túneles de gateo, ...
- Material musical: un ordenador portátil, un proxector, instrumentos de percusión como pandeiros, pandeiretas, crócalos, triángulos, claves, campás, shakers, xilófonos, etc.

O AGRUPAMENTO do alumnado foi variado, leváronse a cabo actividades en gran grupo, por equipos (pequeno grupo), en parellas e tamén de forma individual.

Para a **AVALIACIÓN**, empreguei como principal instrumento a observación directa e sistemática do alumnado na aula e das actividades levadas a cabo, valorando entre outros aspectos:

- O desenvolvemento motriz de cada neno/a (movemento, equilibrio, coordinación, lateralidade, adecuación tónica...)
- A calidade e a cantidade dos movementos.
- Confianza que amosa nas súas posibilidades de acción.
- Comprende as indicacións dadas pola mestra.
- Participación con interese nas actividades realizadas.
- Tipo de relación cos demais (boa ou mala, integrado ou non), forma de manifestar necesidades (perrenchas, choros,...), cando é outro o escollido (enfadase, acéptao,...), apego co adulto (autonomía, escoita), reacción ante a frustración, reacción ante as normas,...
- Emprega e coida os materiais de forma axeitada.
- O xeito de relacionarse co espazo (desprazase por todo o espazo ou instalase nunha esquina, relación entre o seu espazo e o doutros - invade o dos demais ou intenta facerse un propio).
- Orientase no espazo.
- Controla o seu corpo en actividades de repouso ou relaxación.

A partir dos datos obtidos cubríronse os ítems da programación feita na aplicación PROENS e por conseguinte os ítems envorcados do PROENS no XADE ao final de cada trimestre.

Ademais de realizar unha avaliación da miña práctica docente e da programación didáctica desenvólta de acordo á lexislación vixente e o axeitado desenvolvemento das funcións como mestra para introducir os cambios e as melloras precisas.

Finalmente, concluír que en xeral se acadaron de xeito satisfactorio os obxectivos programados ao comezo do curso escolar por parte da maioría do alumnado.

A práctica do ámbito de psicomotricidade desenvolveuse sen ningún tipo de

problemática, sendo sesións nas que o aspecto lúdico e motivante permitiu que o alumnado gozando nelas, alcanzase os obxectivos establecidos na súa maioría e axudándolles á expresión das emocións, a liberación corporal e a integración no grupo, aínda que nalgúns casos puntais con dificultade.

8.3 SESIÓNS BILINGÜES

Unha vez rematado o curso é necesaria unha reflexión acerca do acadado e feito durante o ano.

As sesións bilingües axudan ao alumnado a entender cos idiomas son un medio de interacción social que se trasladan a calquera contexto da vida diaria, non só están na aula.

Dende os meses de outubro ata maio estivo unha auxiliar de conversa nativa connigo nas aulas de 4º EI e de 6º EI . Esta axuda ademais de perfeccionar o idioma a nivel fonético tamén permitiu traballar a nivel mais individualizado có alumnado. Foi unha experiencia moi positiva, conectou moi ben coas nenas e nenos e co ritmo da aula.

4º EI Psicomotricidade

Co alumnado de 4º EI traballouse a psicomotricidade en inglés. Impartiuse na aula específica para tal fin, chamada aula de usos múltiples. Aproveitábase o percorrido dende a aula para dar as instrucións en inglés, ademais ao ser á última hora, coincidía coa saída o que tamén servía para utilizar as expresións de vestirse/desvestirse, colocarse na fila e saír.

Durante as sesións intercaláronse distintas actividades e rutinas para fomentar a atención e motivación dos alumnos/as. Comezábase cunha posta en común sentados [tod@s](#) en círculo para facer preguntas e respostas en inglés botando unha pelota como elemento motivador e de conexión entre o alumnado.

Despois seguíase cunha canción onde se mesturaba o canto co movemento. Para terminar cun circuíto con distintas accións onde se empregaba a nomenclatura

inglesa.

Cada trimestre traballáronse diferentes cancións, normalmente relacionadas coa temática do momento ou o proxecto que se estaba a traballar na aula coa titora.

As cancións traballadas foron as seguintes:

- FIVE LITTLE DUCKS
- GO AWAY SPOOKLY GABLING
- IT'S AUTUMN
- WE WISH YOU A MERRY CHRISTMAS
- MERRY TWISTMAS
- BABY SHARK
- LOLA THE COW

5º EI Linguaxe musical

Co alumnado de 5º EI traballouse a música en inglés, que é un medio extraordinario para aprendizaxe das linguas. A través do canto conseguen aprender o vocabulario de xeito mais sinxelo. Na escola non hai aula específica de música, co que utilizouse a aula de Usos Múltiples para dar a clase por ser mais espaciosa e con mais posibilidade de movemento que a súa propia aula.

Tódalas sesións seguiron unha dinámica parecida.

Para a introdución do grupo utilizouse a axuda das maracas Peter and Larissa como fío condutor (para o primeiro trimestre), para o segundo e terceiro trimestre usamos unha pandeireta.

Despois seguimos cunha canción, na que se traballa o vocabulario e o movemento . Na segunda parte da clase empregáronse os instrumentos que permitían traballar o ritmo, números, sons,.....

As cancións traballadas foron as seguintes:

- FIVE LITTLE DUCKS
- GO AWAY SPOOKLY GABLING

IT'S AUTUMN
WE WISH YOU A MERRY CHRISTMAS FEAT
HELLO REINDEER, GOOD BYE SNOWMAN
IF YOU ARE HAPPY
WHEN THW BAND COMES MARCHING
MOVE
I CAN PLAY ON THE BEAT
HI HOW ARE YOU
JUMP, RUN AND SHOUT
EXCITING TOODLE DANCE
BOLBORETHINA (in english)

6º EI Routines

Có alumnado de 5º EI traballouse as rutinas na PDI. Utilizamos a aula de inglés onde hai un encerado dixital. Como as clases eran a primeira hora da mañá, serviu para utilizar a lingua inglesa nas accións propias do momento: quitar o chaquetón, poñer o mandilón, facer a fila,....

O traballo na aula seguiu o seguinte esquema:

Saúdo, introducido cunha canción para despois individualmente facer eles/as as preguntas e respostas.

The calendar: coñecer os días da semana, meses do ano e anotación do día en inglés.

Acompañadas así mesmo de cancións como medio motivador e mais sinxelo para memorizar o vocabulario

Tamén se traballa how many, the weather e vocabulario relacionado coa estación que corresponda: outono, inverno e primavera/verán.

Ademais co motivo do festival de fin de curso cada clase aprendeu unha canción coa súa coreografía correspondente.

As cancións traballadas foron as seguintes:

- Good morning Mr Rooster
- Hello , how are you!
- How many fingers?
- Days of the week
- Months of the year
- Go away, Sookly Gobling
- It's autumn, It's windy
- Decorate Christmas tree
- Hello, how are you
- Let's count from ten to twenty
- Months of the year
- I'm a little snowman

Festival songs:

- The planet song
- HI, How are you?
- Can you clap your hands?

METODOLOXÍA

A base da aprendizaxe da lingua inglesa en infantil é oral. As actividades permitiron participar activamente ao alumnado creando contextos reais e funcionais para que os nenos e nenas se atopen nun entorno significativo, comunicador e integrador. O xogo e as cancións formaron parte deste proceso como elemento vertebrador co fin de que adquiran progresivamente sons, vocabulario e estruturas gramaticais onde as interacción entre iguais sexan unha fonte privilexiada de actividade.

O alumnado con necesidades educativas especiais estivo integrado nas actividades diarias de aula e participou en todo momento nelas.

Na aula houbo un clima positivo, motivador e dinámico. O alumnado participou activamente nas actividades axudado pola dinámica e ritmo da aula.

8.4 MEMORIA DE RELIXIÓN CATÓLICA

EDUCACIÓN INFANTIL

GRUPO DE ALUMNOS

A asignatura conta con:

3 alumnos/as matriculados en 4º de educación infantil

10 alumnos/as matriculados en 5º de educación infantil

7 alumnos/as matriculados en 6º de educación infantil

Os obxectivos programados a principios de curso foron acadados por todo o alumnado tendo sempre en conta que cada neno ten un ritmo de aprendizaxe diferente.

O obxectivo principal é afianzar os distintos ámbitos propios da experiencia e o desenvolvemento do alumno, establecendo as bases iniciais para o coñecemento do feito relixioso, iniciando aos nenos no descubrimento da experiencia relixiosa no ámbito físico, familiar e social, e o desenvolvemento das súas capacidades de expresión, trasladándolles os valores cristiáns que promoven a boa convivencia entre os compañeiros. Estes valores son o respecto, a tolerancia e a solidariedade entre outros.

A metodoloxía empregada é sempre activa, participativa e lúdica prestando especial atención á diversidade do alumno e formulada desde a vida e para a vida, nun ambiente de afecto e confianza e adaptándoa ao espacio empregado.

As actividades foron elaboradas sempre a partir dos centros de interese do alumno procurando que foran diversas, atractivas e amenas para o alumnado.

Materiais empregados:

- Fichas elaboración propia
- Material fotocopiabile
- Contos
- Peluches

- Recortes de revistas
- Plastilina, algodón, punzóns, tesoiras...
- Pinturas, acuarelas, pinceis...

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada foi activa e participativa empregando unha pluralidade de recursos e métodos baseados na experiencia do alumnado e partindo dos seus coñecementos previos, da realidade que os rodea ...

Proxectáronse películas de personaxes bíblicos e alguna relacionada con temas dados. Empregáronse estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e desenvolver a expresión oral e escrita coa lectura de pasaxes da Biblia e doutros libros relacionados coa asignatura.

Exposición oral e escrita de traballos

Emprego de material manipulable e experimental da propia asignatura.

Emprego de recursos educativos como internet e pizarra dixital.

ATENCION A DIVERSIDADE

Mais que adaptar contidos e tempos para aqueles alumnos/as con certas dificultades o que se fixo foi potenciar o seu esforzo e interese, isto permitiu que en certas ocasións o rendemento e evolución fose mellor que en outros alumnos/as sen dificultades.

MATERIAL

- Temario elaborado xa que non tiñan libro de texto.
- Tamén se emprega material fotocopiado e audiovisual.
- Biblia Didáctica SM.
- Xogos como o Pasabalabra.
- A biblioteca de aula dispón de varios exemplares da Biblia Infantil e outros libros relacionados coa asignatura que se empregaron seguindo sempre as

medidas hixiénicas recomendadas.

- Tamén se empregan os recursos educativos dispoñibles na aula como o ordenador o canón , a pizarra dixital e un pequeno robot programable.
- CD audios de canción.
- Muráis, mapas

ACTIVIDADES REALIZADAS

- Elaboración de diversas manualidades para os distintos tempos litúrxicos: Nadal: tarxetas navideñas, beléns.., Semana Santa, Pascua
- Manualidades para o día da PAZ, para a festividade de San Xosé, día do pai e da nai.
- Manualidades para complementar os distintos temas: pintar cadros, mapas do país de Xesús, maquetas das vivendas típicas do país e na época de Xesús..

9 ANPA

Neste curso académico 2024-2025 houbo renovación de algunhas das integrantes da ANPA . Isto contribuiu ter organizado os servizos complementarios e as actividades extraescolares antes do cemezo do curso.

1. Actividades extraescolares:

A oferta deste ano foi a seguinte:

ACTIVIDADE	DESENVOLVEMENTO	HORARIO
INGLÉS LÚDICO	Trabállase <u>o inglés ofrecendo una ampla gama de recursos didácticos (contos, xogos, etc) para mellorar o seu vocabulario.</u>	Martes (16 a 17 horas)
PEQUEBAILE	Aprenden coreografías que lles axudan a mellorar o control do seu propio corpo.	Xoves (16 a 17 horas)
TEATRO	Favorece o desenvolvemento da expresión verbal, xestual e corporal	Venres (16 a 17 horas)

2 Servizos Complementarios

Comedor escolar:

O local do comedor é un local provisional alugado polo Concello de Redondela para uso exclusivo do Centro. Está enfrente da escola, enriba da Policia Nacional. O

Centro tenta que o Concello amplíe a escola para así ter lugar para instalar o comedor .

“Plan Madruga”:

Empeza ás 7:45h. da mañá para facilitar a conciliación familiar.

O alumnado permanece na biblioteca ata que comencan as clases.

Transporte escolar

A escola oferta este servizo cunha parada situada no comezo do casco urbano.

O alumnado transportado chega á escola quince minutos antes do comezo das clases.

Van para a sala de Usos Múltiples. Unha mestra encárgase de atendelos: os recolle do autobús e está con eles ata o comezo das clases.

Tamén van no autobús os alumnos/as de primaria que teñen irmás en infantil.

As festas

As festas que se celebraron na escola e nas que colaborou a ANPA , organizando e aportando dotación económica foron:

- **Visita da policía nacional** , que nos amosou o traballo que fan diariamente.
- **O Samaín:** organizaron un “Concurso Familiar de Calabazas Samaín 2025” . Cada alumn@ traía unha cabaza decorada coa axuda da súa familia. Houbo dous premios por nivel. Os premios consistiron en distintos contos. Tamén adornaron o telón do patio cuberto con debuxos fotocopiados coa temática do Samaín que mandou a ANPA.
- **O Magosto:** cada neno/a trouxo un puñado de castañas previamente picadas que merendaron despois de asalar dous pais no patio. Decoraron o telón do patio cuberto con distinta castañas fotocopiadas pola ANPA e que decoraron na casa.
- **A festa de Nadal:** o alumnado tivo unha merenda con chocolate e roscón. Este ano houbo cambios na programación en relación a anos anteriores.

En primeiro lugar viu Papá Noel (en anos anteriores eran os Ries Magos) a quen lle deron a carta e recibiron un agasallo.

Outra diferenza foron As Badaladas. Pouco despois de chegar o alumnado á escola, foron [tod@s](#) ao patio e con gusanitos festexose o inicio do seguinte ano coas 12 badaladas.

Para rematar despois da merenda saíron ao patio , disfrutaron da música e das burbullas que saían dos canóns que prepararan as da ANPA.

- O **Entroido**: houbo unha festa-animación da búsqueda do tesouro con diversidade de xogos. Ao día seguinte tiveron merenda (orellas) típica das datas
- **Festival de Títeres**: Fomos ver un espectáculo de títeres ao Multiusos de Xunqueira. A ANPA costeou a entrada d@s [soci@s](#).
- **Obradoiro de instrumentos musicais menores**, actividade que, foi promocionada e pagada, polo Equipo de Normalización Lingüística do centro e a ANPA.
- **Artelixo**. Todo o alumnado do centro , a proposta da ANPA, participou neste evento promocionado polo concello. A temática deste ano, foi unha resposta á ameaza que, supón o proxecto da macrocelulosa ALTRI, para toda Galicia.
- **Festa de fin curso da ANPA**: días antes de rematar a escola tiveron unha festa-animación con xogos musicais, de auga, hinchables, circuitos, e moita diversión . Para ter máis espazo e para asegurarse de facelo sen ter en conta a meteoroloxía, esta festa realizouse no pavillón “A Bombonera”.
- **Charlas ENAPAS**, houbo dúas charlas para as familias coa temática “Acoso Escolar” e “Educación Afectivo-Sexual” organizadas polo CEFORE e consultada a ANPA do centro quen foi a que elixiu a temática a tratar. Estivo a cargo da relatora Lucía Pereda.
- **Música de raíz galega**. Actividade levada a cabo pola Fundación Legar a través da Fundación Filomena. Tocaron instrumentos recuperados da tradición rural galega e cantaron cantigas antigas .

10. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Acadáronse a maior parte dos obxectivos marcados na PXA.

Dos obxectivos que dependían do Concello, falta colocar o céspede artificial no xardín e o xogo múltiple no patio e que o proxecto de instalar o comedor no centro se volva unha realidade. Tamén queremos colocar tarima flotante nas aulas para quitar os cortizos que están moi deteriorados.

Seguimos a demandar máis recursos humanos. Necesitamos unha mestra de apoio na aula que por lei nos corresponde e unha mestra especialista en Educación Musical.

Ademais, da Consellería demandamos asesoramento e mantemento en novas tecnoloxías. Coa implementación do Plan Dixital e Polos Creativos mandaron ao Centro material informático que precisan dun asesoramento e mantemento do que en moitos casos non dispoñemos.

Por último, temos que seguir coidando que a relación coas familias siga a ser fluída tanto a nivel individual como colectivo. A ANPA, neste senso, xoga un papel decisivo de ponte entre ámbalas dúas partes, unha boa comunicación faise imprescindible. Na actualidade, as novas tecnoloxías bríndannos moitos avances á hora da comunicación interpersoal. Pero, no caso dos grupos de whatsapp, as veces infúndese información contradictoria e non sempre contrastada que xenera desinformación .

Redondela a 26 de xuño de 2025

Asdo. : M^a Carmen Rodríguez Figueroa

The image shows a handwritten signature in black ink, consisting of a vertical line with a horizontal crossbar and a small loop at the top. To the right of the signature is a circular official stamp in blue ink. The stamp contains the text "AYUNTAMIENTO DE REDONDELA" at the top, "CONCELO" in the center, and "REDONDELA - PONTEVEDRA" at the bottom. There is also a small blue square logo in the center of the stamp.